

## 2. DO CONTEXTO FAMILIAR DE DÍAZ CASTRO E DOS XORNAIS DE LECTURA NO SEU FOGAR

A peripecia vital de Xosé María Díaz Castro (*José María do Vilariño* chamaranlle os seus coñecidos) decorreu entre o seu nacemento o 19 de febreiro de 1914 no lugar de Vilariño, parroquia de Os Vilares (Guitiriz), e o seu falecemento por mor dunha doenza cardíaca nun hospital de Lugo, o 2 de outubro de 1990.

Era a súa unha familia de labregos acomodados, relativamente abastada no plano económico (con facenda gandeira e criados na casa), perfectamente inserida no entramado político oficial desa época e moi devota no plano das prácticas relixiosas, ou por mellor dicir, empregándonos palabras de Blanco Torrado (2014d: 85), “ancorada nun catolicismo demasiado confesional, como adoitaba ser na súa contorna”.

Súa nai chamábase María Manuela Castro López e tiña 40 anos cando deu a luz o futuro poeta, que tivo tres irmáns: Antonio, María e Serafín. Seu pai, Isidro Díaz Calvo, de trinta e seis anos cando lle naceu este seu novo fillo, era escribente oficial na casa paxega dos Pardo Montero, en Parga, e actuaba como xuíz de paz e secretario municipal. Militaba, ademais, no sindicalismo católico agrario (o núcleo organizado dos Vilares fundárase en 1919) e estaba subscrito a xornais dereitistas e confesionalistas como *El Debate*, de Madrid, *El Ideal Gallego* coruñés e o lugués *La Provincia*.

Unha tía paterna solteira, tamén chamada María Manuela e que conviviu na casa familiar, madríña do noso poeta, encarnou o típico modelo de relixiosidade feminina hiperbeata (era presidenta das “Hijas de María”, dirixía diversas cerimonias na capela do Vilariño e presidía o rezo do rosario familiar todas as noites), entregada como di Blanco Torrado (2014d: 86) “en corpo e alma ó adoutramento relixioso na comarca”, en tanto o tío Nicolás Castro, taberneiro de profesión e presidente da delegación na parroquia da sociedade de instrución habaneira “Juventud de Villares”, chegou a ocupar durante a ditadura de Primo de Rivera a alcaldía do novo concello de Guitiriz, que substituíu desde 1924 o anteriormente existente de Trasparga.

A maioría dos biógrafos de Díaz Castro teñen salientado o feito de que grazas a esa presenza diaria de prensa no seu fogar (*El Debate*, *El Ideal Gallego*, *La Provincia...*) o neno recibiu un forte estímulo para a curiosidade intelectual, para a lectura e a escrita, e iso resulta indiscutíbel. Ora ben, non é en absoluto irrelevante reflexionar por un momento sobre a orientación editorial e ideolóxica desas publicacións e sobre o universo de ideas e valores que se transmitían nas súas páxinas, pois isto pode darnos algunhas chaves para determinarmos o *substrato* ideolóxico que adquire por esa época o noso protagonista e axudarnos a entender os temas e contidos da súa primeira produción poética, a da súa etapa de formación, precisamente.

*El Debate* (1910-1936) representa o buque insignia da prensa confesional e dereitista na España desa época, estreitamente vinculado primeiro á Asociación Nacional Católica de Propagandistas do futuro cardeal Ángel Herrera Oria e, máis tarde, ao partido de Acción Popular, que fixo parte da Confederación de Derechas Autónomas (CEDA). A súa liña editorial primeiro foi conservadora maurista, logo primorriverista e proditorial e, finalmente, xa no período republicano, cedista ou gilrroblista. De *El Debate* foi correspondente en Mondoñedo durante unha época o ex seminarista e propagandista agrario católico José Trapero Pardo. Tamén foi redactor deste xornal o seu amigo Manuel Pico Vilabella, natural de Pol, soldado en Ceuta e logo policía durante os anos da ditadura de Primo de Rivera.

Pola súa vez, *El Ideal Gallego* sucedeu na Coruña ao xornal católico *El Eco de Galicia* e saíu á rúa por vez primeira o 1 de abril de 1917, non por acaso en domingo de Ramos. No editorial inaugural sinalábase que “tenemos un patrimonio que servir y que defender: el catolicismo, la monarquía y la región”. Promoveuno, alentado en derradeira instancia polo arcebispo compostelán Martín de Herrera, o sacerdote natural de Cuntis José Toubes Pego, futuro expurgador de bibliotecas e represor na tráxica Coruña do 36. O primeiro director do xornal foi o avogado e xuíz, futuro membro do Tribunal Supremo no período primorriverista e destacado detractor das Irmandades da Fala, Alfredo García Ramos. Sucederíao na dirección Jacobo Varela de Limia, catedrático compostelán de Dereito e presidente da Unión Regional de Federaciones Católicas Agrarias, entidade da que o

propio pai do noso poeta era partícipe, como xa dixemos. Máis tarde, accederá á dirección do rotativo que nos ocupa o sacerdote José M<sup>a</sup> de Santiago de la Graña y Charfolé.

*El Ideal Gallego* mantén na época que nos interesa, invariablemente, posicións confesionais, de “regionalismo sano y bien entendido”, monárquicas e moi dereitistas. En 1923 editorializa sobre o golpe de Primo de Rivera: “La Dictadura antes que el pantano”. Ao longo dos anos 20 alenta a escalada militarista en Marrocos e enxalza continuamente, por exemplo, a figura de Millán Astray. En 1931, o rotativo pasa a ser propiedade da Editorial Católica, dona de *El Debate*, reforzando aínda máis, se couber, a súa liña de conservadorismo católico e minguando notoriamente o seu primixenio verniz rexionalista en aras dun patriotismo español de fasquía *ultra* e ferozmente antirrepublicano, con constantes apelacións literais á “sacrosanta e indisoluble unidad de la Patria”. Diríxeo entón o avogado e propagandista católico noiés José Martínez Pereiro (1888-1957).

A raíz do intento de golpe de estado do xeneral Sanjurjo, en agosto de 1932, o xornal foi suspendido pola súa afinidade cos golpistas. En outubro de 1934, sufocada a revolución obreira en Asturias, o xornal desfaiase en loas ao exército, “brazo armado de la Patria al servicio de la paz y el orden que deben de reinar siempre entre los españoles” (*apud* Carlos Fernández, 1993:39). Pouco antes de comezar a guerra civil pasa a ser dirixido por Pedro Gómez Aparicio, que procedía de *El Ideal* de Granada e fora redactor-xefe de *El Debate* madrileño en 1934. Despois asumirá o posto Santiago Lozano, tamén procedente de *El Debate*. No editorial de 1 de abril de 1942, nas vodas de prata do xornal e no terceiro aniversario da vitoria franquista, amosaba a súa executoria nestes termos:

Somos católicos sobre todo. Es la suprema razón de nuestra existencia. Hemos combatido constantemente, con el mayor entusiasmo y esfuerzo, a veces frente a cuatro periódicos laicos en la capital, cualquier política encaminada a resquebrajar o subvertir el orden cristiano.

Y como católicos, somos profundamente españoles. En política siempre ha sido nuestra posición la que convenía a España, la

que estaba de acuerdo con sus necesidades y su pasado. Todo movimiento sano y patriótico tuvo en *El Ideal Gallego* el más decidido defensor. Desde el 17 de julio de 1936 nos entregamos con todas nuestras fuerzas, fe y entusiasmo al triunfo de la Cruzada. Nos convertimos en soldados y como tales procuramos cumplir con nuestro deber en seguimiento del Caudillo.

Por último, *La Provincia* é unha publicación de breve vida (maio de 1923-1924) aparecida en Lugo baixo a dirección de Manuel Amor Meilán (1867-1933) e que amosará claros vínculos cos sectores máis entusiastas na cidade das murallas coa ditadura do xeneral Primo de Rivera.

Así pois, cabe concluír que desde a máis tenra infancia e nun ambiente prototípico da sociedade rural tradicional galega, as ideas dereitistas, monárquicas e catolicistas empapan a atmosfera en que medra e se desenvolve o noso protagonista e non debe admirar que sexan esas ideas as que se coen e transparenten, precisamente, nas primeiras estrofas e poemas que versifique.